

CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE AC- TUACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA AS ANUALIDADES 2023 E 2024 (CÓDIGO PROCEDIMIENTO MT975S)

PREGUNTAS FRECUENTES

1.- Por que deberían as entidades locais aproveitar as oportunidades de financiamento que ofrece esta convocatoria?

Esta convocatoria ten por finalidade poñer ao dispor das entidades locais recursos económicos cos que favorecer o financiamento de proxectos que contribúan á consecución dos **novos obxectivos que deberán alcanzar as entidades locais no ámbito das súas responsabilidades e competencias e que serán de obrigado cumprimento a curto prazo.**

2.- Cal é o procedemento de concesión para estas axudas?

Segundo o establecido nos artigos 1 e 11 das bases reguladoras, o procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o de **concorrenza competitiva** contemplado no artigo 19, apartado 1º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3.- Cales son as liñas subvencionables desta convocatoria?

Ao abeiro da orde de axudas sinalada, serán subvencionables, os seguintes proxectos:

- a) Liña 1: Melloras nos puntos limpos existentes:** Proxectos de mellora das condicións das instalacións municipais para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos, puntos limpos.
- b) Liña 2: Actuacións destinadas á instalación de puntos limpos de proximidade** para favorecer a recollida separada de distintos fluxos de residuos.
- c) Liña 3: Puntos limpos móbiles:** Proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclaxe na nosa comunidade autónoma.

d) Liña 4: Proxectos de construción e mellora de instalacións de preparación para a reutilización ou autorreparación de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), así como de ampliación de instalacións para incluír novas liñas de preparación para reutilización e autorreparación de residuos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) coa finalidade de alon-
gar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a elimina-
ción.

**e) Liña 5: Actuacións destinadas á implementación de melloras nas instalacións de tratamen-
to existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos resi-
duos municipais que se recollan de forma mesturada** de maneira que poidan contribuír á conse-
cución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclaxe, así como ao de
redución dos residuos municipais destinados ao seu depósito en vertedoiro.

4.- Pode optar una mesma entidade local á mesma subvención ao amparo desta convocatoria a través dunha entidade supramunicipal e de maneira individual?

Non, non é posible que unha entidade local concorra á convocatoria de maneira simultánea e para a
mesma actuación de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou agrupación na
que se integre (art. 2.3 das bases reguladoras).

5.- Cal é a porcentaxe máxima subvencionada?

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non exce-
derá o **90% do custo total subvencionable ata o importe máximo ou contías máximas conside-
rados polas bases reguladoras** e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan
recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto a financiar.

O financiamento achegado **non é compatible** cos Proxectos Clima, promovidos a través do Fondo
de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2) así como axudas, subvencións, ingresos ou
recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outro fondo europeo, tales como FE-
DER, REACT-UE, FSE, FEADER, HORIZONTE EUROPA, etc.

6.- O IVE é subvencionable?

Segundo se indica no artigo 5.2.b) o imposto sobre o valor engadido NON será subvencionable.

7.- Cal é o período subvencionable e o prazo de execución?

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2024, ambos incluídos.

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda e súa xustificación consonte ao establecido no parágrafo seguinte.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de decembro do ano correspondente á anualidade a que se impute o orzamento.

8.- A orde de subvencións contempla o pago de anticipos?

Sí, o artigo 25 da Orde prevé a posibilidade de que as entidades que resulten beneficiarias soliciten o pago anticipado de ata o 50 % do importe de subvención concedido, así como de conformidade co disposto no artigo 31.6 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Decreto 11/2009.

As entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI e dispoñible na Sede electrónica.

9.- Que requisitos deben cumprir as entidades locais para solicitar as axudas das liñas sinaladas nas bases da presente convocatoria?

De maneira xeral os requisitos son os seguintes:

- Os proxectos presentados deberán incorporar elementos de compra pública verde ou ecolóxica.

- Deberá xustificar que ten presentada a correspondente solicitude de autorización ou, no seu caso, modificación da autorización, como xestor de residuos perigosos e/ou non perigosos ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia se fose necesaria dita autorización, na fase de solicitude.
- Para os efectos da presente convocatoria, teñen a consideración de residuos especiais de competencia municipal aqueles residuos que carecen de sistemas ordinarios de recollida pero que son susceptibles de recuperación ou necesitan recollese separadamente debido as súas especiais características (aceites vexetais usados, téxtiles, voluminosos, etc).
- Será obrigatorio que, na fase de xustificación final da axuda, a instalación conte coa autorización pertinente para levar a cabo a actividade sempre que sexa necesario.
- Aqueles proxectos que prevexan a repartición de materiais, adquiridos con cargo á subvención, deberán identificar o procedemento que empregarán para a selección dos destinatarios beneficiados, segundo os principios de concorrencia, idoneidade e publicidade.

10.- Na orde menciónase que será necesario indicar os datos do responsable técnico do concello, refírese á persoa de contacto ou ao técnico responsable do proxecto?

Refírese ao técnico do concello ou entidade local co que teríamos que contactar para o caso que fose preciso, con coñecementos técnicos respecto do propio proxecto.

11.- Para solicitar a axuda, hai que entregar un proxecto completo ou sirve cunha memoria?

Para solicitar a axuda deberán presentar unha memoria descriptiva das actuacións que se van a levar a cabo e que conteña a información que se require no art. 8.1 das bases reguladoras.

Lembre que, á vista dos criterios que se establecen no artigo 15 para a valoración da solicitude é conveniente que reflectan aqueles datos ou informacións que contribúan ao requirido neste artigo, incluíndo a achega de documentación precisa, co fin de que a Comisión de Avaliación poida avaliar o cumprimento, ou non, dos criterios fixados para a valoración e prelación das solicitudes presentadas ou declaración responsable, se é o caso, que permita deixar constancia do seu cumprimento.

12.- Cal debe ser o contido mínimo da memoria?

Segundo se especifica no artigo 8.1.h) para as liñas 1,2,3,4 e 5 as memorias técnicas dos proxectos ou actuacións para as que solicita a subvención deberán conter unha descrición clara das actividades a desenvolver, tanto dende o punto de vista técnico como económico, así como os datos e a información requirida para o tipo de actuación ou actuacións para as que se solicita a axuda.

A memoria do proxecto deberá incluír, como mínimo, os seguintes contidos:

- Tipoloxía e nome do proxecto.
- Breve descrición do proxecto presentado, en que se inclúan polo menos as capacidades que se van tratar ou aumentar e os residuos que se van tratar.
- Identificación e datos de contacto do responsable técnico.
- Introducción e diagnose da situación actual na materia do proxecto dentro do ámbito local de actuación.
- Obxectivos do proxecto e descrición detallada das súas actuacións (materiais necesarios, tipo e cantidade) poboación atendida e sectores ou axentes implicados.
- Indicadores e medidas de seguimento e resultados esperados (residuos recollidos en quilogramos, por tipoloxía de residuos).
- Estimación das gases de efecto invernadoiro evitadas e das toneladas de residuos que contribuirán ao cumprimento dos obxectivos nesta materia: <https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/fondo-carbono/metodologias.aspx> (obxectivos cuantitativos e cualitativos).
- Programación temporal (cronograma) para o desenvolvemento do proxecto en correspondencia coas previsións de gastos incluídas no orzamento que se remita e tendo en conta o recollido nestas bases reguladoras.
- O plan de actuación deseñado deberá incluír unha xustificación pormenorizada dos materiais, actuacións e recursos propostos de conformidade cos gastos subvencionables ao abeiro desta orde.

- Orzamento resumido e detallado das actuacións que se van a solicitar (tendo en conta que o IVE non é subvencionable) .

Toda a documentación técnica debe ser presentada nun único documento, que se titule do seguinte xeito “Memoria_técnica”.

13.- Que documentación debo presentar para poder optar á subvención?

- As solicitudes poderanse presentar individualmente por un concello, ou conxuntamente por máis dunha entidade local, ben sexa por medio de entidades de carácter supramunicipal que pola súa vez teñen a consideración de entidade local, ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais. No caso de **solicitudes conxuntas** presentadas baixo a modalidade de agrupación, farase constar na propia solicitude, no parágrafo destinado á identificación do solicitante, a referencia a “Agrupación de” seguida da identificación das entidades de que se trate.
- O Anexo I (formulario da solicitude) que será subscrito directamente polas persoas que ostenten a súa representación.

A solicitude deberá completarse coa documentación sinalada no artigo 8 da Orde:

- Acreditación do nomeamento do representante da entidade solicitante.
- Certificación do acordo adoptado polo órgano competente en que conste a decisión da entidade ou entidades locais de solicitar a subvención ao abeiro destas bases reguladoras. (Anexo II).
- Certificación de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas de Galicia, das contas correspondentes ao último exercicio orzamentario a que legamente esté obrigada e en todo caso, con anterioridade ao vencemento do prazo da presentación da solicitude (Anexo II).
- Declaración, por parte da entidade solicitante, do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) (anexo III).
- Acreditación na que se faga constar que se dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento da parte proposta para o cofinanciamento pola súa banda.
- Acreditación de estar en posesión do distintivo “**Bandeira Verde de Galicia**”.

- No caso de solicitudes presentadas por agrupacións de entidades locais, deberán achegar:

1º Documentación xustificativa da persoa física ou entidade local designada para actuar como representante para formular a solicitude presentada.

2º Identificar a relación de entidades locais participantes.

3º Xustificación, de ser o caso, de que as persoas representantes das entidades locais participantes autorizan a presentación da solicitude, así como no relativo á remisión das contas do último exercicio orzamentario a que legalmente están obrigadas ao Consello de Contas (anexo II).

4º Os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación.

5º O importe de subvención que vai aplicar cada entidade membro da agrupación.

6º Anexo de pluralidade de solicitantes (anexo IX).

14- Ademais dos documentos indicados no apartado anterior, debo presentar documentación específica en función da liña solicitada?

Sí, en todo caso se deberá achegar a seguinte documentación:

a) **Anexo** I.a.), I.b.), I.c.), I.d.) ou I.e.) en función da liña solicitada, debidamente cumprimentado e asinado.

b) **Memoria técnica** liña 1, liña 2, liña 3, liña 4 ou liña 5 en función da liña solicitada (Un único arquivo co contido establecido no artigo 8.1.h) das bases reguladoras)

c) No caso de solicitudes relativas á **liña 1**, deberán presentar:

- Acreditación de capacidades da nova instalación (capacidade máxima e normal) e da poboación potencialmente atendida polo novo punto limpo, atendendo a posibles acordos de servizo entre diferentes concellos.

- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 15 desta orde para a Liña 1 Melloras nos puntos limpos existentes, de acordo co establecido na letra n) do punto 1 deste artigo.

d) No caso de solicitudes relativas á liña 2, deberán presentar:

- Acreditación do destino dos residuos recollidos no punto limpo de proximidade, ben a través dun acordo cunha instalación do punto limpo fixo ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados. De ser o caso, o punto limpo deberá dispor da autorización de xestor de residuos ou, polo menos, ter realizado a solicitude de autorización.
- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 15 desta orde para a Liña 2 puntos limpos de proximidade, de acordo co establecido na letra n) do punto 1 deste artigo.

e) No caso de solicitudes relativas a liña 3, deberán presentar:

- Acreditación da instalación de destino dos residuos recollidos co punto limpo móbil. Acreditación do destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación do punto limpo fixa ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados. Se é o caso, o punto limpo deberá dispor da autorización de xestor de residuos ou, polo menos, ter realizado a solicitude de autorización.
- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 15 desta orde para a Liña 3 puntos limpos móbiles, de acordo co establecido na letra n) do punto 1 deste artigo.

f) No caso de solicitudes relativas a liña 4, deberán presentar:

- Declaración responsable das capacidades da nova instalación (capacidade máxima e normal) e da poboación potencialmente atendida se é o caso.
- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 15 desta orde para a Liña 4, de acordo co establecido na letra n) do punto 1 deste artigo.

g) No caso de solicitudes relativas a liña 5, deberán presentar:

- Declaración xurada de que os residuos recibidos nas plantas obxecto da axuda, procedan de entidades que teñan implantado un modelo de recollida selectiva con contedores específicos para a recollida de envases lixeiros, biorresiduos, papel cartón e vidro, ou de non ser o caso compromiso asinado de implantar este modelo de recollida separada antes de fin do 2025.

- Declaración responsable das capacidades da nova instalación (capacidade máxima e normal) e da poboación potencialmente atendida se é o caso.

- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 15 desta orde para a Liña 5 melloras nas instalacións de tratamento de residuos recollidos mesturadamente, de acordo co establecido na letra n) do punto 1 deste artigo.

15.- Onde debo presentar a solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (Código de procedemento MT975S)

A Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvencións.

16.- Cal é o prazo de presentación?

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

17.- É preciso solicitar tres ofertas para a elección dos provedores?

Segundo se indica no artigo 24.7 o beneficiario deberá remitir certificación expedida pola secretaría da entidade local, na cal **se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública.**

Deberase observar o disposto na normativa aplicable en materia de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación e, se é o caso, respecto de contrato menor con adxudicación directa.

18.- Debe imputarse orzamento en todas as anualidades?

As solicitudes recibidas deben manter a proporción orzamentaria do crédito xerado, polo tanto o importe da subvención solicitada **para o ano 2023 non debe superar o 10% do total**, segundo recolle o artigo 7.5 da orde de axudas.

19.- Que requisitos de comunicación ten o beneficiario?

O beneficiario deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, de conformidade co establecido no anexo IV das bases así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Deberán levarse a cabo medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan as inversións (**carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios, insercións en prensa, certificados etc**), onde se fará mención da orixe deste e velarase por darlle visibilidade, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique "financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU" tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Al menos será necesario a xustificación de ter realizado a publicidade axeitada a través da colocación de carteis informativos nun lugar ben visible de acceso ao público.

Na páxina web <https://sirga.xunta.gal/> pódese consultarse o modelo do cartel informativo e o Manual de comunicación para os beneficiarios das axudas.

20.- A entidade local solicitante terá a condición de entidade executora?

Sí, de conformidade co exposto no artigo 3.k) da Orde HFP/1031/2021 de 29 de setembro, se lle otorga a condición de entidade executora, aos concellos que teñan asignado un subproxecto, é dicir cando reciban fondos destinados á realización de accións contempladas no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR).

Nestes supostos, se facilitará toda a información de seguimento que precisen, así como a información preceptiva que deben proporcionar ao sistema de información de xestión e seguimento do

PRTR conforme no disposto na Orde HFP/1031/2021, e na Secretaría Xeral de Fondos Europeos para cumprir cos fitos e obxectivos requeridos nesta materia.

21.- Como se procederá para poder dar cumprimento as obrigas preceptivas nesta materia?

Nestes supostos, organizarase unha reunión por parte da Xunta de Galicia para o apoio das obrigas que como entidades executoras terán que cumprir. Ademais, poderán obter asistencia técnica e dinamización da participación das administracións públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante a adhesión ao convenio coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos (SXFE) e TRAGSATEC, outorgándose preferencia as Entidades Locais, especialmente aquelas que contén con menos de 5.000 habitantes.

Para levalo a cabo, poderán facer a súa inscrición a través do seguinte enlace:

<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/2023%2004%2011%20PROTOCOLO%20DE%20ADHESI%c3%93N%20AL%20SERVICIO%20DE%20ASISTENCIA%20T%c3%89CNICA%20Y%20DINAMIZACI%c3%93N%20TRACSATEC%20EN%20EL%20PRTR%20LOGOS.pdf>

22.- No tocante as agrupacións municipais, poden ter éstas a condición de entidades executoras?

Sí. Neste suposto, se designará unha única entidade local como entidade executora do subproxecto, que será á que se lle asignarán os fondos públicos e asemade, será esta entidade, a que lle corresponderá a formulación do informe de xestión-certificado do subproxecto, mediante certificación do seu Secretario. A estos efectos, ao resto de entidades locais participantes no subproxecto, formalizarán o resultado da xestión realizada mediante actuacións, ou outras liñas de acción, certificando documentalmente a súa contribución en termos equivalentes ao informe de xestión requerido a nivel da entidade executora.

23.- Se teño algunha dúbida acerca desta convocatoria, onde debo dirixirme?

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon ao dispor dos interesados a seguinte dirección de correo electrónico: axudas.cmaot@xunta.gal.



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Todas as consultas deberán dirixirse a este enderezo e serán contestadas por correo electrónico. Así mesmo, irase actualizando o documento de preguntas frecuentes que estará publicado na páxina web do SIRGA.